

Premio “Esquíu” en galego

Víctor Vaqueiro, pasaxeiro con billete a Antioquía

Non adoita ser a poesía unha actividade creativa ben remunerada; se cadra, esta aseveración referida a Galicia cobre aínda maior envergadura e pasa a ser un dos moitos tópicos que manexamos decote. Porén, un premio pra poesía dotado con duascentas mil pesetas —como resulta ser o “Esquíu”— ven facer unha fenda, unha liña na auga, que permite albiscar algunha espranza de recoñecemento prós obreiros da linguaxe na súa faceta máis requintada. Arestora, un home novo, lanzal, de cabelo escuro e ollos inquedados, ven de ser premiado con este galardón que o solprende no silencio da súa habitación de traballo viguesa, arrodeado de libros e pezas de cerámica nun estudiado e armónico orde que preside o seu gusto e o seu temperamento. De fondo, como unha cortinaxe teatral, o balbordo dos pequenos en recreo no patio dun colexio próximo á súa casa e o repouso calado da vella máquina de escribir —testigo obsoleto dun tempo ido—, agardando un novo papel que nos vaia achegando un pouco máis o “Camiño de Antioquía”. O compromiso co idioma, a procura dunha nova linguaxe poética, fai a obra de Víctor Vaqueiro meresciente do calificativo de “progresista”, pro cabería preguntarse se poderíamos utilizar este mesmo termo de ter escrito a súa obra en castelán.

— Non o sei. Eu creo que neste caso concreto é progresista porque utiliza como vía de expresión o galego, e tamén creo que o é polos seus contidos. Tanto os meus denanteriores libros —“Lideiras entre a paisaxe” e “Informe da gavilla”— como este que ven de ser premiado, fustigan unha chea de cousas como son a ideoloxía nazi, os idealismos, etc. e nese sentido coido que si son progresistas. Obxectivamente penso que non é doado definir cando a poesía —utilizando ese tópico tan horrendo— está ao servizo do pobo, mentres que é moito máis fácil delimitar cando unha obra está abertamente en contra do pobo, e en contra dos intereses nacionais ... Entón paréceme que unha poesía en castelán nun contexto xeral, abstraéndoa de Galicia, podería ser progresista, pro para min o feito de non utilizar o galego suporía unha grave eiva e coutaría todo o aspecto progresista de reivindicación dunha lingua nacional.

— ¿Pensas que o xurado que te premiou neste galardón concedido pola Caixa de Aforros de Galicia e a Sociedade Cultural Valle-Inclán do Ferrol, tiveron en conta esa cualidade da túa obra?

— Quen o pode saber!. O feito está ahí e é difícil teorizar sobre poesía con presupostos políticos, e da mesma maneira habería que preguntarse como interpretamos o feito de que partidos que son abertamente progresistas e nacionalistas, estean no Parlamento Galego, que, se cadra, é unha montaxe da dereita ... pois seguramente están porque non lles queda máis remedio. Pro, evidentemente, ese non é o meu caso, xa que o Xurado non sabía a quen lle daba o premio, e nin tan xiquier se farían estes plantexamentos á hora de dalo.

— A poesía, ¿segue sendo un arma?

— A poesía ten de cumprir varias funcións sociais, pro non creo que sexa un medio para cambear a realidade, son cousas diferentes. O que quere cambiar a realidade ten outros medios pra facelo a traveso de organizacións políticas e cousas dese estilo. O que si creo é que hai unha literatura idealista e hai outra que non o é, e dende este punto de vista creo que hai que falar de poesía progresista, sen que implique falar de grandes plantexamentos políticos. Non creo que en poesía sexa preciso estar denunciando arreo unha realidade social que xa se pode denunciar por medio do panfleto, da prensa política, de mítines, conferencias, ou o que sexa ... agora ben, respecto dunha corrente que hai agora en Galicia no senso de que debe despolitizarse ó máximo a literatura, eu non estou de acordo, senón que penso que a literatura ten un amplo espectro de actuación dentro do que tamén hai que contar o campo ideolóxico, aínda que o hai que tratar dun punto de vista político, loxicamente.

— Dentro de “Camiño de Antioquía” hai unha parte denominada “Sete poemas teutóns” que é un alegato claramente anti-nazi. Semella que estiveras conectando cun temor xeralizado na Europa

actual contra dun recrudescemento das ideas nazistas. ¿É esaxerado ver un agoiro nestes poemas?

— Con estes poemas quixen sacar á luz o racismo nazi, o afán expansionista desta ideoloxía, o seu comportamento de desprecio cara ó xudeu, ós negro, etc. pro todo con tratamento poético como subliñaba denantes, disfrazando a Hitler de Werner Friedrich von Eitzen e a Eva Braun de fräulein Erika; agora ben, respecto o que dis, hai dúas custións, por unha banda a carreira armamentística que obxectivamente anuncia a posibilidade dun enfrentamento inminente —entendendo como tal tres, dez ou cen anos— porque mentras haxa un imperialismo agresivo hai esa posibilidade, e ó mesmo tempo penso que hai certos motivos para o optimismo despois dos resultados das eleccións en Grecia e Francia. Ademais, en todo caso, supoñer que un libro dun poeta pequeno, nun país pequeno, pode ser un agoiro, pois creo que non.

E Víctor Vaqueiro ri divertido, quitándolle transcendencia cun aceno das súas mans que falan nunha conversa paralela no decurso desta charla inconexa e desordeada diante dun café. Haille que preguntar agora si este terceiro libro seu, enlaza coa épica escomenzada nas súas dúas primeiras obras editadas, porque esta foi unha etiquetas das que se lle puxeron á súa poesía, e argumenta.

— Si entendemos épica esta posición, digamos, distante, na que non prima o “eu” lírico, situándome moitas veces ó marxe dos acontecementos ou por enriba da “melé”, creo que si é unha épica, porque polo meu carácter ou polos meus condicionamentos, vou máis ben pola fasquía colectiva tencionando ser un pouco cronista, a modo do tipo que vai relatando as xestas do Cid, por poñer un caso. Agora ben, creo que tamén é difícil de deslindar eses dous xéneros e, en xeral, épica, lírica, dramática ... porque non creo demasiado na tal división de xéneros e isto era o que tentaba facer no “Informe da Gavilla” onde había poemas de contido lírico e por dentro de todo o libro había un artellamento teatral, aínda que sí, que na miña obra hai un certo fungueirazo épico.

— Falando de fungueirazo, hai que recoñecer que a túa obra rebosa de verbas pouco coñecidas, que o teu léxico resulta pouco comprensíbel pra maioría dos lectores.

— Mira, eu sobre iso teño as cousas moi claras, e penso que temos unha lingua ou non a temos, como dixo alguén antes ca min, e, ou temos unha nación, ou non a temos, xa que logo, se temos estas cousas utilicemos a lingua. Si desgraciadamente complicado é requintado e último é derradeiro, pois eu opto por poñer requintado e derradeiro e non o revés. Ademais eu creo que hoxe a miña linguaxe non está máis lonxe ou máis perto do lector que cando saíu o meu primeiro libro hai dous anos; concretamente hai uns días estiven vendo unhas publicacións da prensa galega de hoxe, e comparándoo coas de hai uns anos —cinco ou seis—, observo que a diferenza na linguaxe é impresionante, e isto pódese aplicar a nivel de rúa, e da escrita en xeral do galego que conquistou importantes avances. E non me estou a referir soio en canto á presenza do galego socialmente, senón á calidade que vemos na escrita e nos medios de comunicación onde o galego reconquistou palabras que se tiñan por perdidas, e aquí eu vexo unha das funcións que pode levar adiante un poeta. Neste senso, seguindo co das funcións sociais da poesía das que falabamos denantes, eu penso un pouco como Valente, que hai que rescatar por medio da poesía iso que el chamaba “as verbas da tribu”, e unha chea de palabras que se perderon, así como restituir o auténtico significado doutras tantas ideas, frases, e termos que foron substituídos polo uso cotián. E isto conecta co que decíamos antes de “progresista” que creo que é unha función eminentemente social da poesía, independentemente da outra que poderíamos chamar mais ideoloxizada.

— E como o verbo poético contén no seu seo mais significados que as frases mancadas dunha conversa, que os acenos xesticulantes dun conversador nato que che fala cos ollos, co riso e co remexer inqueda no asunto, puntuamos o camiño que tal vez nos leve a Antioquía con este poema de Víctor Vaqueiro:

Sauron V fixera unha promesa:
limpa-la a Terra Media de medianos,
de elfos as Terras Élficas,
e nas Terras dos Homes dos Algarves
espena-los os Ananos decontado.
E que, ó cabo dos días,

somentes unha raza de orcos loiros,
desprovida de tódalas as súas eivas,
ciscara maxestade
dende a bisbarra a Mordor
(ou Murder, tanto tiña,
porque Sauron tivera dende neno
atrancos na pronuncia).
Un milleiro de anos
era o cumprido xorne da proposta.
Un milleiro de anos
pra collelos e atalos entre as tebras.

María Xosé Porteiro